

ACORDO ENTRE CIG, CCOO, UGT E CSIF PARA O ESTABELECIMENTO DUN CALENDARIO DE ELECCIÓN SINDICAIS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

XUNTAS

As partes que a continuación se RELACIONAN:


DE PARTE DE CIG: Xesús Bermello García con NIF 32767003F, Secretario Nacional de CIG-Ensino e en representación da Área Pública da CIG, con enderezo na rúa Miguel F. Caaveiro, 10 1º. 15703 Santiago de Compostela

DE PARTE DE CCOO: Mª Luz López Pérez con DNI 76708450T, Secretaria Xeral de CC.OO.-Ensino, con enderezo na rúa Miguel F. Caaveiro, 8, 1º, 15703 Santiago de Compostela

DE PARTE DE UGT: Sandra Montero Nogareda con NIF 45849031A, Secretaria Nacional do sector de Ensino de FeSP-UGT, con enderezo na rúa Miguel F. Caaveiro, 12, 1º. 15703 Santiago de Compostela

DE PARTE DE CSIF: José Ramón Villalibre Fernández, con NIF 10191829T, Secretario de Acción Sindical de CSIF Galicia, con enderezo na rúa dos Salgueiriños de Abaixo,7, 15703 Santiago de Compostela

As partes recoñécense mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento, e na súa virtude, fan as seguintes



MANIFESTACIÓNS

1º.- As referidas organizacións, **CIG**, **CCOO**, **UGT** e **CSIF** son sindicatos máis representativos no conxunto do persoal laboral e funcionario do ensino universitario, segundo o disposto nos artigos 6 e 7 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, xuntando entre elas máis do 50% do total de representantes elixidos no último proceso electoral.

2º.- As referidas organizacións son conscientes da transcendencia que ten unha correcta ordenación dos procesos electorais nestes ámbitos, destacando a importancia de facer unha axeitada ordenación das próximas eleccións sindicais analizando os contidos da Lei 11/1994, do 19 de maio, pola que se modifican determinados artigos do Estatuto dos Traballadores, así como a Lei 18/1994, do 30 de xuño, que modifica a normativa de eleccións aos órganos de representación do persoal ao servizo das Administracións Públicas da Lei 9/1987 do 12 de xuño.

Como consecuencia das manifestacións que anteceden, e a fin dunha mellor ordenación do proceso electoral,

ACORDAN

PRIMEIRO: Promover as eleccións sindicais nas tres universidades galegas unificando os calendarios electorais nos procesos electorais que afectan aos colectivos citados no ANEXO I.

SEGUNDO: Estabelecer conxuntamente os criterios que a continuación se citan e o calendario electoral que figura no ANEXO II para as tres universidades.


TERCEIRO: Co obxecto de facer o seguimento do desenvolvemento do acordo en cada universidade e provincia, se for o caso, constitúese en cada unha delas unha comisión integrada polos representantes sindicais asinantes do presente documento, tomando os acordos por maioría da representación en cada unha delas. As convocatorias realizaranse con 48 horas de antelación por correo electrónico.

CUARTO: Con carácter xeral establécense os seguintes criterios de ordenación do calendario de eleccións sindicais:

- Aos efectos de determinar a data de votación fíxase o día 9 de MAIO de 2023 para todos os procesos electorais que figuran no ANEXO I
- Queda excluído do presente acordo a Xunta de Persoal de PAS Funcionario da UVigo e os Comités de Empresa do PAS Laboral da Provincia de Pontevedra e Ourense, que se celebrarán mediante acordo previo da maioría da representación destes órganos.
- A partir da data de inicio dos procesos que se determina (08/02/2023), o desenvolvemento deles realizarase conforme aos prazos establecidos do calendario que se xunta como Anexo.

Por todo o anterior, as referidas organizacións ao abeiro do artigo 13 da lei 9/87 de 12 de xuño modificada pola lei 18/1994, do 30 de xuño, establecen o CALENDARIO que se xunta como ANEXO II.

En Santiago de Compostela, a 2 de febreiro de 2023



ANEXO I. PROCESOS ELECTORAIS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS AFECTADOS POLO PRESENTE ACORDO SINDICAL

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR FUNCIONARIO (XUNTA DE PERSOAL)
- PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR LABORAL (COMITÉ DE EMPRESA)
- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS FUNCIONARIO (XUNTA DE PERSOAL)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR FUNCIONARIO (XUNTA DE PERSOAL)
- PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR LABORAL (COMITÉ DE EMPRESA DA PROVINCIA DA CORUÑA)
- PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR LABORAL (COMITÉ DE EMPRESA DA PROVINCIA DE LUGO)
- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS FUNCIONARIO (XUNTA DE PERSOAL)
- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS LABORAL (COMITÉ DE EMPRESA DA PROVINCIA DA CORUÑA)
- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS LABORAL (COMITÉ DE EMPRESA DA PROVINCIA DE LUGO)

UNIVERSIDADE DE VIGO

- PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR FUNCIONARIO (XUNTA DE PERSOAL)
- PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR LABORAL (COMITÉ DE EMPRESA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA)
- PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (COMITÉ DE EMPRESA DA PROVINCIA DE OURENSE)



ANEXO II. Calendario electoral para os procesos electorais nas UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS: Xuntas de Persoal e Comités de Empresa do Persoal Docente e Investigador da USC, UDC e UVigo e Xuntas de Persoal e Comités de Empresa do Persoal de Administración e Servizos da USC e UDC.

Inicio	Proceso	Remate
08-02-2023	Presentación do preaviso na OPR	08-02-2023
09-03-2023	Constitución das mesas	09-03-2023
09-03-2023	Entrega do censo de traballadores e traballadoras pola administración	09-03-2023
09-03-2023	Confección de listas de electores e elixíbeis	17-03-2023
20-03-2023	Exposición do censo electoral provisional e reclamacións	27-03-2023
28-03-2023	Resolución de reclamacións e censo definitivo	29-03-2023
30-03-2023	Publicación de listas definitivas e número de representantes a elixir	30-03-2023
31-03-2023	Presentación de candidaturas	12-04-2023
13-04-2023	Proclamación provisional de candidaturas	13-04-2023
14-04-2023	Presentación de reclamacións	20-04-2023
21-04-2023	Proclamación de candidaturas definitivas	21-04-2023
24-04-2023	Campaña electoral	07-05-2023
08-05-2023	Reflexión	08-05-2023
09-05-2023	Votación	09-05-2023

